

## IV XORNADA COPA DEPUTACIÓN DE LUGO

9 de MAIO de 2021

A Delegación da FGA en Lugo coa colaboración dos clubs da cidade e co patrocinio da Deputación de Lugo, organiza a 4ª XORNADA da COPA DEPUTACIÓN DE LUGO, o DOMINGO 9 de maio de 2021, en xornada de mañá, na pista ao aire libre do *Estadio Gregorio Pérez Rivera*.

### REGULAMENTO

**Art. 1.** Poderán participar os atletas federados que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2021) por algún Club pertencente a Galicia.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertencen a clubs de outras Comunidades Autónomas.

**Art. 2.** As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 20:00 horas do martes anterior á celebración das probas.

Existirá unha cota de inscrición de 4€ para todos os atletas que non pertencen a clubs da provincia de Lugo, non estén empadroados en Lugo ou non estuden en Lugo.

Non se admitirán inscricións fora de prazo.

Os clubs deberán ter ao día o pago das inscricións e multas das xornadas previas celebradas en Lugo, aqueles que non cumpran ese requisito serán rexeitados.

**Art. 3.**

### HORARIO PROVISIONAL

HOMES	HORA	MULLERES
LANZAMENTO MARTELO (sub 16-máster) - serie mixta	10:30	LANZAMENTO MARTELO (sub 16-máster) - serie mixta
LANZAMENTO DE PELOTA (sub 8)		50 ml (sub 8)
50 ml (sub 8)	10:45	
	10:50	LANZAMENTO DE PELOTA (sub 8)
	11:00	1000m (sub 16-máster)
1000m (sub 16-máster)	11:15	SALTO LONXITUDE (sub 16- máster) – serie B
	11:30	SALTO ALTURA (sub 16-máster)
LANZAMENTO MARTELO (sub 16-máster) – serie A	11:40	1500m (sub 18-máster)
3000m (sub 16-máster)	11:45	
SALTO LONXITUDE (sub 16- máster) – serie B	12:00	
	12:15	800m (sub 18-máster)
SALTO ALTURA (sub 16-máster) – serie A	12:25	
800m (sub 18-máster)	12:30	
200 ml (sub 18-máster)	12:45	SALTO LONXITUDE (sub 16- máster) – serie A
	12:50	LANZAMENTO MARTELO (sub 16-máster) - serie A
400 ml (sub 18-máster)	13:00	200 ml (sub 18-máster)
	13:15	LANZAMENTO PESO (sub 16-máster)
SALTO LONXITUDE (sub 16- máster) – serie A	13:25	400 ml (sub 18-máster)
TRIPLE SALTO (sub 16-máster)	13:30	
300ml (sub 16-máster)	13:40	
	13:50	300ml (sub 16-máster)
LANZAMENTO PESO (sub 16-máster)	13:55	
100mv – 110mv (0.91m-1.06m)	14:00	
	14:15	100mv (0.76m-0.84m)

**Art. 4. Participación:** Terán prioridade na inscrición os atletas lucenses sobre os foráneos.

\*Nas series A dos concursos participarán os atletas coas mellores marcas. As cadencias estableceranse segundo as marcas dos inscritos e publicaranse xunto ao horario definitivo.

As probas da categoría sub-8 serán exclusivamente para atletas da provincia de Lugo, serán **NON COMPETITIVAS**.

Nos concursos os atletas disporán de 4 tentativas + 2 de mellora para os 4 mellores de cada proba (nas probas mixtas pasarán á mellora os 2 primeiros clasificados de cada sexo).

**Art. 5.** Cada atleta entregará a Declaración Responsable no punto de control de acceso. Os dorsais serán entregados ao adestrador do clube.

**Art. 6.** Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

**Art. 7.** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu clube. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente na competición a sanción será de 5€, salvo causa xustificada que deberá ser comunicada no email: [delegacionfgalugo@gmail.com](mailto:delegacionfgalugo@gmail.com) cunha antelación mínima de 24h antes do comezo da competición. No caso de lesión ou enfermidade deberá acreditarse o xustificante facultativo.

- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6€ por atleta con datos falsos)

**Art. 8.** O acceso á instalación será restrinxido e controlado. Poderá acceder un adestrador por cada 10 atletas inscritos de cada clube, deberán enviar un email a [delegacionfgalugo@gmail.com](mailto:delegacionfgalugo@gmail.com) ata o mercores ás 22h. No caso que algún clube non envíe ningún adestrador valorarase a posibilidade de permitir o acceso dun delegado por clube.

**Art. 9.** Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

**Art. 10.** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

En Lugo, a 25 de abril de 2021

Asdo no orixinal

José Manuel Peña Rodríguez  
Director Técnico da Delegación da FGA en Lugo

PATROCINA:



ORGANIZA:



COLABORA:

